



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 11 de setembro de 2024, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Terceiro Bimestre do exercicio 2024, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 12 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 2747

Anuncio

EXPEDIENTES 1819/2024 E 1820/2024. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XULLO 2024.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 11 de setembro de 2024 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.471,86 €, correspondendo 905,27 € a libre concorrencia e 8.566,59 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de

reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 16 de setembro de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 2748

CASTRO DE REI

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Corporación en Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2024, prestouse aprobación inicial á:

MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CASTRO DE REI

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. Podendo examinarse o expediente nas oficinas municipais, durante dito prazo no horario de atención ó público.

Castro de Rei, 13 de setembro de 2024.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2729

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE FOZ

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 05 de setembro de 2024, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmobles do Concello de Foz.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Foz, 10 de setembro de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2749

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 2/2024, (primeiro de competencia do Pleno), para crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, por un importe total de VINTE E CINCO MIL DEZANOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (25.019,69 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTE</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.747.445,60.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.334.329,70.-
3.- Gastos financeiros.....	19.268,00.-
4.- Transferencias correntes.....	160.992,66.-
6.- Inversións reais.....	1.296.919,39.-
7.- Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.615.355,35.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 16 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2750

OUROL

Anuncio

O Sr. Alcalde-Presidente do concello de Oural asinou o Decreto nº 2024-0347, de data trece de setembro, polo que se aproban as Bases reguladoras para a convocatoria de axudas transporte ao alumnado do concello de Oural que realice estudos fóra do termo municipal (Curso académico 2023-2024), que literalmente son as seguintes:

“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADÉMICO 2023-2024).

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles/as alumnos/-as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2023-2024.

2. BENEFICIARIOS/-AS.

Poderán ser beneficiarios/-as destas axudas aqueles xoves do Concello de Oural que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, másters, teses ou doutorados universitarios, agás os realizados na modalidade de formación a distancia ou online.

Quedan excluídos destas axudas aqueles estudantes que puideron ser solicitantes da “Tarxeta Xente Nova”, da Xunta de Galicia, durante o Curso 2023-2024.

Aqueles estudantes que, por causa da idade, se viran excluídos durante o Curso 2023-2024, do ámbito de aplicación da “ Tarxeta Xente Nova”, poderán solicitar estas axudas, polos meses do curso que se viran excluídos, (considerarase que o curso vai dende setembro a xullo).

3. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axudas:

3.1.-Estar empadroadado/a no Concello de Ouro

3.2.-Figurar matriculado/a no curso académico 2023-2024 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.

4. TIPO DE AXUDAS.

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/a, segundo a quilometraxe na que estea incluído, (tomarase como punto de partida a sede do concello de Ouro). A cantidade concedida será aprobada posteriormente polo órgano competente con arranxo aos seguintes criterios:

1. De 1km. a 15 km 100 euros
2. De 15km. a 50km..... 150 euros
3. De 50km. a 175km..... 200 euros
4. De máis de 175km..... 250 euros

Aqueles estudantes, que cumpran os requisitos da base 3ª e cursen estudos fóra de Galicia, poderán ser beneficiarios/as dunha axuda única de trescentos euros, (300,00 €).

Para a concesión destas axudas existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 323.480 do orzamento municipal do exercicio 2024.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído aos/ás interesados/as que así o desexen no Rexistro Xeral do Concello de Ouro dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1.- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada polo/a interesado/a (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor).
- 2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante debidamente cotexado co seu orixinal.
- 3.- Certificación bancaria da conta corrente do/a interesado/a, no seu caso.

Xustificación para o cobro da axuda.

A documentación a aportar será a seguinte:

1.Para os/ as alumnos/as universitarios/as:

1.1.-Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal.

1.2.-Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2023-2024.

1.3.- Documentación que acredite a localidade onde se están a cursar os estudos.

2.Para os/as alumnos/as de Bacharelato ou Formación profesional:

2.1.- Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2023-2024.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes e a documentación requirida presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ouro. O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda, é de 15 días naturais, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8. COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora será designada polo Sr. Alcalde-Presidente, quen tamén fixará a data da súa reunión.

9. RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das axudas, emitirá un acordo de concesión ou denegación debidamente motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas serán notificadas individualmente e serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.”

Ouro, 13 de setembro de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2751

PANTÓN*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTE DE 2024**

-A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 05.09.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

-Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

-En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.10.2024 ao 30.11.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: Haga clic aquí para escribir una fecha.
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

-Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 5 de setembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2752

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 08.08.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interperse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.09.2024 ao 31.10.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 31.08.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de setembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2753

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/280, de data 12 de setembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 12 de setembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2754

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/278, de data 12 de setembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 12 de setembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2755

VILALBA

*Anuncio***MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 38/2024 MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTA ÁREA DE GASTO (TC 15/2024)****Expediente 3666/2024**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo do Pleno deste Concello adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2024 (aprobación inicial BOP de Lugo Núm. 186 – luns, 12 de agosto de 2024 R. 2414), polo que se aproba unha transferencia de crédito entre partidas de diferente área de gasto co seguinte detalle:

ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
2310	63200	Administración xeral de servizos sociais. Inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións. Creación P.A.I.	31.911,49 €
TOTAL GASTOS			31.911,49 €

Esta modificación do Orzamento Municipal non altera a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente vinculación xurídica, sendo as partidas que minoran a súa dispoñibilidade orzamentaria inicial, as seguintes:

BAIXAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
161	72109	Abastecemento domiciliario de auga potable. Transferencias de capital á Administración do Estado: a outros organismos autónomos.	31.911,49 €
TOTAL GASTOS			31.911,49 €

Vilalba, 16 de setembro de 2024.- A Alcaldesa da Corporación, Marta María Rouco Seoane.

R. 2756

*Anuncio***Oferta de emprego público do Concello de Vilalba para o ano 2024****Expte. 3320/2024**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 2 de setembro de 2024, acordaba aprobar a oferta de emprego público ordinaria correspondente ao ano 2024 no ámbito do Concello de Vilalba, coa seguinte relación de prazas ofertadas:

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL	SISTEMA DE ACCESO
TÉCNICO MEDIO XESTIÓN SS ECONOMICOS	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA DE XESTIÓN	A2	PROMOCIÓN INTERNA
INSPECTOR XEFE	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS/POLICÍA LOCAL. ESCALA EXECUTIVA.	A2	MOBILIDADE
POLICÍA LOCAL	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS/POLICÍA LOCAL. ESCALA BÁSICA.	C1	OPOSICIÓN LIBRE
POLICÍA LOCAL	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS/POLICÍA LOCAL. ESCALA BÁSICA.	C1	OPOSICIÓN LIBRE
ENCARGADO PUNTO LIMPIO	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS/PERSOAL DE OFICIOS. ENCARGADO PUNTO LIMPO	C2	CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE
TÉCNICO MEDIO XESTIÓN SECRETARÍA-URBANISMO	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA DE XESTIÓN	A2	OPOSICIÓN LIBRE

PERSOAL LABORAL ASIMILADO A FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO PROFESIONAL*	GRUPO FUNCIONARIO DE EQUIVALENCIA	SISTEMA DE ACCESO
CHÓFER	IV	C2	CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE
ALBANEL	IV	C2	CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE
ENCARGADO ALMACEN	IV	C2	CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE
ELECTRICISTA	IV	C2	CONTRATO DE RELEVO
PEÓN OBRAS	V	AP	CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE
ENCARGADO SERVICIOS MÚLTIPLES	III	C1	PROMOCIÓN INTERNA

* Artigo 80 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba

De conformidade coa parte dispositiva do referido acordo, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, procédese á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vilaba, 12 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2757

COLEXIO DE SECRETARIOS/AS, INTERVENTORES/AS E TESOUREIROS/AS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LUGO (COSITAL)

Anuncio

CONVOCATORIA ASAMBLEA XERAL COSITAL LUGO

Con base ao establecido no art. 9.2. dos Estatutos Colexiais convócase sesión ordinaria a celebrar pola Asamblea Xeral do Colexio de secretarios/as, interventores/as e tesoureiros/as de administración local de Lugo que se celebrará ás dezasete horas do día **QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres./Sras. Colexiados/as na sede do Colexio, na Rúa Ourense, 59 - Entlo A (27004) LUGO.

Remítese xunto coa convocatoria individualizada, copia da proposta que se vai a someter a votación, así como papeleta para emitir o voto e sobre, xa franqueado, para o caso de que se emita o voto por correo.

No caso de exercer o voto por correo deberá ser remitido ao Colexio antes do día 11 de outubro.

Lugo, 19 de setembro de 2024.- O PRESIDENTE, José Antonio Mourelle Cillero.

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da modificación dos estatutos Colexiais, de data 22 de xaneiro de 2011.
2. Comunicacions da Presidencia.
3. Rogos e preguntas.

R. 2768